

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE XANEIRO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : MARGARITA DEVEZA CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día vinte e un de xaneiro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23/12/2009)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e tres de decembro do ano pasado, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Ratificación, se procede, de acordo sobre do Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010

Dáse conta do seguinte acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día doce de xaneiro do ano que andamos, que di o seguinte:



"3º.- Acordo, se procede, sobre do *Fondo Estatal para el empleo y la sostenibilidad local 2010*

Dáse conta do Real -Decreto -Lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o *Fondo Estatal para El Empleo y la Sostenibilidad Local 2010*, adscrito ó Ministerio de Política Territorial, destinado a financiar a realización polos concellos de investimentos xeneradores de emprego e actuacións de carácter social, de competencia municipal, que contribúan á sostenibilidade económica, social e ambiental (BOE num. 259/09, do 27 de outubro)

Dáse conta asimesmo da Resolución , de 2 de novembro de 2009, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo de presentación de solicitudes e as condicións para a tramitación dos recursos librados con cargo ó Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local (BOE num. 265/09, do 3 de novembro)

A Xunta de Goberno, sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno, acorda:

PRIMEIRO.- Solicitar recursos para financiar programas de actuacións de interese social, ós que se refire o artigo 18 do Real Decreto-Lei , polo importe máximo establecido no mesmo (20%), é dicir, (#109.689,00#), para os seguintes programas:

- 1.1.- *MANTEMENTO DA GARDERÍA MUNICIPAL: 70.000 euros*
- 1.2.- *INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN: 20.000 euros*
- 1.3.- *ATENCIÓN DOMICILIARIA (DEPENDENCIA): 19.689 euros*

SEGUNDO- Solicitar financiamento para a inclusión no citado *Fondo Estatal para El Empleo y la Sostenibilidad Local* dos seguintes proxectos de investimento:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
<i>PECHE DA PARCELA, ADICIÓN DE PORCHE E ACONDICIONAMENTO RAMPLA NO CEIP DE ORTIGUEIRA</i>	41.016,53
<i>PISTA POLIDEPORTIVA DESCUBERTA NO CPI DE VEDRA</i>	63.953,62
<i>AMPLIACIÓN E REFORMA DA GARDERÍA MUNICIPAL</i>	72.385,02
<i>AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA</i>	76.464,71
<i>AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN O MATELO E A TORRE</i>	139.197,17
<i>AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN CASTRO-PONTE ULLA</i>	44.641,95
TOTAIS	437.659

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde e ó Sr. Secretario para que presenten as correspondentes solicitudes de acordo co establecido no artigo segundo da Resolución do 2 de novembro de 2009"

Por parte da concelleira delegada de Servizos Sociais, dona Lucía González, dáse unha explicación dos programas para os que se solicita financiamento, a pedido da Sra. Guitián do BNG e do Sr. Alvela de Tega.



O Sr. Martínez Carrillo do PP, ó igual que fixera no Fondo Estatal de Inversión Local do 2009, solicita que as obras que non puideron ser incluídas neste Fondo se intenten incluír no orzamento de 2010, á vez que volve a insistir que tamén se é posible se intenten adxudicar a empresas de Vedra especializadas neste tipo de obras.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda ratificar o citado acordo.

3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas formuladas no mes de setembro polo PP, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da marquesiña de Rozadela, di que se lle solicitou varias veces ó encargado desta zona e que agora se aprobou un plan de marquesiñas, polo que pensa que entrara no mesmo

2.- Sobre do ascensor da Casa de Cultura de Santa Cruz, di que se incluíu no Programa de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas da Deputación, e que na 1ª fase só se aprobou o do Pavillón Municipal

3.- Sobre da contencioso-administrativo interposto contra dona Mª: Teresa Presas Valdes, di que a apelación foi desestimada, e no mesmo sentido que a sentenza, e agora está pendente de execución: repoñer os terreos ó seu estado natural.

4.- En canto á farola de San Pedro , di que xa está arranxada


--Ás preguntas formuladas por dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contesta:

1.- Sobre da Resolución da Alcaldía de data 3 de agosto pola que se inicia expediente de reposición da legalidade en Silva de Arriba, di que se refire ás obras levadas a cabo por don Marcelino López sen licenza municipal e sen gardar o retranqueo á vía

2.- Ás preguntas sobre das dúas contratacións para o posto de axudante de recollida de lixo no mes de agosto, di que en principio ó non quedar ninguén como suplente na lista, e debido á urxencia, que se contratou a unha persoa que non respondía ás necesidades do servizo, por iso se contratou días despois a outro traballador que xa tiña experiencia nese traballo

3.- En canto á obra da Senda Peonil en San Miguel de Sarandón, di que é unha obra incluída no POS 2009 e que en nun primeiro momento todos os veciños afectados cederon os terreos, pero no momento da execución apareceu como propietario da masa común don Marcelino López. Di tamén que se vai deixar a finca como estaba e que no vindeiro orzamento se procederá á expropiación da parcela, como así se acordara.

4.- Sobre do proxecto final do campo da festa de San Miguel de Sarandón, di que a única modificación que se fixo foi que se recortou os casetos , e que o que si se fixo foi cambiar a orde das obra, xa que a 1ª fase correspondíase co proxecto presentado en AGADER, pero que foi rexeitado. Di tamén que agora a Deputación ven de sacar a concurso un proxecto do campo, e as obras consisten no empedrado



do campo, a fosa séptica de augas fecais do día da festa e a recollida de pluviais, quedando os casetos abertos e pendente a instalación eléctrica

5º.- A pregunta da fosa séptica no campo da festa de San Miguel de Sarandón, xa quedou contestada na anterior

6º.- En canto ó comezo das obras do campo da festa de San Miguel de Sarandón sen a autorización preceptiva de Patrimonio, di que as obras comezaron en xullo e que se pediu permiso a Patrimonio, que no primeiro informe o denegaba dicindo que había que facer unhas correccións, e despois dunha reunión co arquitecto, e máis o arqueólogo se fixeron as mesmas no proxecto da obra, que se reanudaron en setembro, pola necesidade de rematalas antes de fin de ano, ó estar incluídas no FEIL, pero co compromiso de patrimonio de ter o permiso.

7º.- Sobre a normativa de seguridade da obra de San Miguel, di que en todas as obras existe un director e máis un coordinador de seguridade e saúde, que son os que responsables das medidas de seguridade.

--Ós rogos e preguntas do Sr. Costa do PP, a Presidencia contesta:

1.- Sobre da colocación do alumeado publico dende o lugar de Laraño ata o límite municipal, na pista que une as parroquias de San Xián e Oza, di que onde están as vivendas xa hai alumeado, e no resto que se pode ver

2.- En canto á apertura do camiño que une a pista da aldea de calzande coa que vai cara á Casa do Sol, di que xa se foi ver, e que se falará coa AA.VV para que obteñan a cesión dos terreos dos veciños

3.-En canto á colaboración cos veciños do lugar de Laraño para que poidan ter conexión ADSL nas súas vivendas, di que se está a falar con telefónica para atopar unha solución para ese e máis lugares do concello que se atopan na mesma situación, e que incluso se lle encargou a un enxeñeiro de Movistar para que faga un estudo de posibles sitios para instalar telefonía móbil, e facer unha modificación puntual do PXOM.

4.- En canto á pregunta da estrada Vedra -Santa Lucía, di que todos coñecen como está o tema

5.- Á pregunta sobre se o equipo de goberno fixo algunha xestión para axiliar a contratación da seguinte fase, di que non, que estase a espera de que a Deputación aprobe o proxecto para traer ó pleno unha proposta, quizais sería conveniente conxuntamente negociada co Concello de Santiago de Compostela.

6º.- Polo que respecta a cando se van facer as obras de mellora na pista que vai polo interior da aldea de A Torre en San Xián, di que a obra está incluída no PEIM Rural, e que a Consellería informou que tanto esta como a outra obra incluída, que é a pista que vai ó Pico Sacro, están sen contratar.

--Ás preguntas de don Carlos Martínez do PP, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do velatorio de San Pedro de Sarandón, que de momento se lle encargou ó arquitecto municipal, Fernando Faya, que comeze cos trámites necesarios para o mesmo

2.- En canto ó posible uso da estación de ferrocarril de Santa Cruz, di que de momento non se falou con ningunha asociación, que ,en principio, pensouse en destinala ás escolas obradoiros de emprego, pero que neste momento é moi difícil conseguir unha. Di tamén que se se presenta algunha proposta sobre do seu destino que se estudará



3.- Sobre da limpeza das gábeas do concello, di que xa se fixo e que ó seu entender están máis ou menos ben comparadas coas dos concellos limítrofes, e que nestes momento se está a estudar a posibilidade de darlle unha herbicida nalgúns tramos

4.- En canto ó rogo para que se tome algunha medida por parte do concello para evitar que o tramo da estrada que vai dende o campo da festa de Merín ata o cruce do Souto, di que non existe ningunha reclamación no concello

5.- Con respecto ó barnizado da barreira e das columnas da entrada da casa da Fábrica, di que xa se mercou o material para barnizar todo

6.- En canto á necesidade de acondicionar con algún mobiliario básico o novo local social de Trobe, e asfaltado dun pequeno trazo máis do campo da festa, di que a AA.VV solicitou fcaer un trozo máis onde está o local social, que é o que máis urxe para a celebración da Festa do Porco, que se fará de inmediato

7º.- Sobre dos pedimentos da AA.VV de Santa Cruz, di que en canto ó espe-llo nalgúns dos postes que existen no lugar para facilitar a saída dos vehiculos, que se colocará, e polo que respecta á pista do Bao, que nos planos de concentración esa pista quedou contemplada co ancho que ten na actualidade, e que a única posibilidade que hai para ancheala é que os veciños cedan os terreos

4º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guituián do BNG, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.-Con respecto á apertura do Centro Etnográfico de Vedra, pregunta se se vai ceder a algunha asociación ou se vai xestionar directamente polo concello. Roga que para futuras exposicións e tamén para a actual, se é posible se publicite o horario de apertura para sabelo e non ter que chamar a ninguén.

2.- Roga que se coloquen colectores de plástico e de cartón alomenos ó carón das casas de cultura e das escolas nos sitios onde faltan

3.- Pregunta tamén cando se vai instalar o ascensor que tantas veces se solicitou na Casa de Cultura de Santa Cruz

4.- Solicita que se defina cantos antes o uso da estación de ferrocarril de Santa Cruz e máis o do edificio do anterior centro médico de Santa Cruz

5.- Solicita a colocación dun espello no cruce de Sarandón


6.- Solicita que se axilize o tema de comprar un grupo electrógeno para cando falta a luz, como pasou o outro día, ou que se estude a posibilidade de alugalo nalgunha empresa especializada

--Don Rogelio Lema do PP sinala que na parroquia de San Fins falta moitas veces a luz, cousa que non pasa en Lestedo, e pregunta se dende o concello non se podería facer algo con respecto á empresa subministradora

--Don José Alvela de Tega pregunta se existe algún prazo legal para as licenzas de obras que foron concedidas e non se executou nada da obra.

A Presidencia di que o prazo para rematar as obras maiores é de tres anos e que se pode solicitar unha prórroga

--Don Carlos Martínez do PP pregunta:



1.- Na Xunta de Goberno de data 12/01/2010 dáse conta de dúas Resolucións da Alcaldía, polas que se modifican os contratos dos dous arquitectos, don Fermín González Blanco e don Fernando Faya Martínez, e en relación as condicións económicas dos mesmos, que modificacións supoñen estes cambios?

2.- En relación á aldea de Caldelas xa se falara da canalización das augas procedentes das obras do TAV ata o regato, en que situación están a día de hoxe?.

A Presidencia di que o Director de Adif lle comunicou que están pendentes do permiso de Augas de Galicia para canalizalas ata o río

5º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

Non se formulan

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas

